A DIMENSIÓN SOCIAL E COMUNICATIVA DA PERSOA: INDIVIDUO/SOCIEDADE E LINGUAXE/COÑECEMENTO

1. As características distintivas da sociedade humana:

Existen moitas especies animais que son sociais, pero a sociabilidade humana presenta dous trazos básicos diferentes da das outras especies:
1) Non se asenta en instintos ríxidos determinados xeneticamente, senón máis ben nunha tendencia natural flexible e moldeable pola aprendizaxe.
2) Non necesita anular ao individuo supeditándoo ao grupo, senón que permite desenvolver a autonomía individual para establecer a partir dela unha cooperación enriquecedora de ambos.
A dialéctica entre individuo e sociedade é o distintivo das sociedades humanas e a clave do seu progreso.

2.- A filoxénese da sociabilidade humana:

A sociabilidade é unha *estratexia* evolutiva que favorece a supervivencia da vida. A filoxénese das distintas especies que a adoptaron seguíu dúas liñas distintas:
1) A que desenvolve unha sociabilidade baseada en simples mecanismos xenéticos, instintivos e mecánicos, que converten aos individuos en autómatas sociais. A súa plasmación máis perfecta serán as colonias de insectos.
2) A que desenvolve unha sociabilidade que incorpora experiencias individuais e aprendizaxes sociais, que permite o enriquecemento mutuo de individuo e sociedade. Esta liña, apuntada xa nos mamíferos superiores, culmina na especie humana grazas á fixación da neotenia e ó desenvolvemento do neocórtex cerebral que permite a cultura e o pensamento e linguaxe.

3.- A ontoxénese da sociabilidade humana: a socialización:

O proceso de crianza e maduración (ontoxénese) do individuo humano presenta unhas características moi diferentes do das outras especies, que veñen determinadas pola neotenia, a dependencia inicial, a plasticidade, a intelixencia e a capacidade para aprender. Todas estas características permiten –e requiren- un transvase da cultura do grupo ao individuo. A súa absorción por parte deste -ao longo de toda a vida, sobre todo na infancia e a adolescencia- denomínase *socialización*.

Nos procesos de socialización podemos distinguir catro aspectos:
1) A adquisición das pautas culturais, que se leva a cabo mediante a adopción de roles correspondentes aos status sociais existentes no grupo, modelando así a sociabilidade do individuo.
2) A conformación da personalidade social, que resulta da asimilación dos roles e dunha conciencia de si mesmo como reflexo das actitudes e xuízos dos demais.
3) A integración do individuo na sociedade, que se vai producindo a medida que se van socializando os planos biolóxico-psicomotor (necesidades

biolóxicas, gustos culinarios, etc.), afectivo (desenvolvemento e control de emocións e sentimentos) e mental-simbólico (linguaxe simbólica, categorías mentais, valores, etc.).
4) Os axentes de socialización, que exercen unha forte presión socializadora, como a familia, o grupo de pares, a escola, os medios de comunicación de masas, etc.

4.- A linguaxe como categorización do mundo e comunicación social

A linguaxe é o trazo máis distintivo da especie humana e o instrumento máis perfecto de relación social. Unha linguaxe componse de signos que representan realidades. Os signos poden ser de dous tipos:
A) *Sinais*, que representan en virtude da súa propia natureza, ben por semellanza, ben por relación natural de efecto-causa coa cousa representada.
B) *Símbolos*, que representan en virtude dun acordo ou convención entre os seus usuarios.
A linguaxe humana é simbólica, fronte á “linguaxe” de sinais dos animais. A importancia da linguaxe simbólica e decisiva e radica fundamentalmente en dous aspectos:
1) Permite unha comunicación que reforza os vínculos sociais esixindo o acordo nos significados e regras lingüísticas entre os usuarios.
2) Facilita e propicia a conceptualización e categorización do mundo percibido polos sentidos (sensacións e percepcións), facendo posible un coñecemento intelectual superior.